



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa (A Coruña).-

CERTIFICO: Que a **Xunta de Goberno Local** deste Concello en sesión extraordinaria, celebrada el día 15 de outubro de 2018 adoptou -entre outros- o seguinte acordo:

Punto 2º) CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO NOS LOCAIS MUNICIPAIS.

Polo alcalde se informa que se considerou necesario proceder á contratación mediante procedemento aberto simplificado, dunha empresa para desenvolver o programa dos Servizos Sociais do Concello de Arzúa, nomeado “envellecemento activo”, en once parroquias; cuxos obxectivos son:

- Fomentar as relacións interpersonais entre os membros dunha mesma comunidade e proporcionar espazos de encontro e actividades que favorezan as relacións sociais.
- Impulsar a utilización dos locais sociais, como punto de encontro e de convivencia .
- Ofrecer unha alternativa de ocio para as persoas de maior idade, que viven nas zonas rurais do noso Concello.
- Desenvolver actividades que conduzan a un mellor benestar físico, psíquico e social.

E iso, durante un período dun ano, por un orzamento máximo de licitación de 10.985,40 euros (9.078,84 euros, mais 1.906,56 euros en concepto de IVE ao 21%), cuxo prazo de duración poderá prorrogarse por unha anualidade mais; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares e co prego de prescricións técnicas elaboradas para poder levar a cabo esta contratación.

Resultando que as actividades a realizar serán: xerontoximnasia, ximnasia correctiva, psicomotricidade e relaxación; realizándose as actividades en sesións dunha hora semanal en cada unha das parroquias obxecto do contrato, nos días e horas establecidos polo Departamento de Servizos Sociais, durante o período comprendido entre os meses de outubro a xuño. Se ben, durante ese período farase un descanso correspondente ás vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa.

Resultando que serán obrigas da empresa que resulte adxudicataria:

- Aportar o persoal preciso para o desenvolvemento das actividades. O persoal non terá ningún tipo de relación laboral contractual ou doutra natureza co Concello de Arzúa.
- Cumprir todas as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo do persoal ao seu cargo.
- Comunicar ao departamento de Servizos Sociais as incidencias que se produzan no desenvolvemento da actividade diaria.
- Aportar os medios materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

- Facerse cargo do seguro de accidentes e responsabilidade civil dos participantes.
- No caso de haber queixas dos usuarios sobre o profesional que imparte a actividade, e previa valoración por parte do Departamento de Servizos Sociais e a empresa adxudicataria, a empresa comprométese ao cambio de dito profesional.
- Entregar canta documentación lle sexa requirida polos técnicos do departamento de Servizos Sociais.

Mentres que o Concello queda obrigado:

- 1.- A facilitar á empresa adxudicataria a listaxe das persoas participantes en cada unha das actividades a desenvolver.
- 2.- A facilitar as instalacións para o desenvolvemento da actividade.

Resultando que a contratación dos pretendidos servizos pode realizarse polo sistema de procedemento aberto simplificado, posto que o seu importe non excede de 100.000 euros previsto no artigo 159, nº 1, letra a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando que polo alcalde, con data 10 de outubro de 2018, emitíuse un informe en relación co cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; a través de cuxo informe se indica que a formalización do pretendido contrato de servizos non se traduce na asunción de maiores e novos compromisos de gastos, mais alá dos consignados no orzamento municipal; sen que por tanto se vexa resentido o principio de estabilidade orzamentaria, e sen que tampouco se vexa afectada a capacidade para fecer fronte a compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, conforme ao establecido na Lei de Estabilidade orzamentaria e na normativa sobre morosidade; polo que a formalización do correspondente contrato de servizos non faría incumprir a este Concello o principio de sostiñibilidade.

Resultando que pola interventora, con data 11 de outubro de 2018, emitíronse dous informes: Un, sobre fiscalización previa, a través do cal se informa favorablemente a tramitación de expediente, e outro sobre retención de crédito, para acreditar que na aplicación orzamentaria 231.22799 do estado de gastos existe unha consignación de 2.441,20 para responder da prestación dos servizos obxecto desta contratación, durante o período dos dous últimos meses do presente exercicio económico.

Resultando que polo secretario, con data 11 de outubro de 2018, emitíuse un informe, do que se deduce que procede adoptar o acordo de aprobación do expediente, por canto que os trámites realizados se adecúan á legalidade vixente.

Considerando que a competencia do alcalde para a contratación de servizos, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, fora delegada polo alcalde na Xunta de Goberno Local, por Decreto ditado con data 8 de xullo de 2015.

(Ascendendo a 504.942,63 euros o importe do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal do presente exercicio económico, que entrou en vigor o día 4 de xuño de 2018).

Esta Xunta de Goberno Local -por unanimidade dos cinco membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Proceder á contratación dos servizos indicados no prego de prescricións técnicas, polo sistema de procedemento aberto simplificado, por razón da súa contía, por un período dun ano, por un tipo de licitación máximo de 10.985,40 euros (9.078,84 euros,

mais 1.906,56 euros en concepto de IVE ao 21%); Se ben, dito período poderá ser prorrogado por outra anualidade mais, se así se acorda cun mes de antelación á data de finalización do período anual inicial.

Segundo.- Aprobar tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o prego de prescricións técnicas, tal como quedaron elaborados, que rexirán a contratación dos servizos indicados na parte expositiva deste acordo; cuxos pregos se considerarán como parte íntegra do contrato que se formalice coa empresa que resulte adxudicataria.

Terceiro.- Aprobar o gasto necesario para poder contratar os referidos servizos, con cargo á aplicación orzamentaria do estado de gasto do orzamento municipal, que quedou indicada no documento de retención de crédito emitido pola interventora con data 11 de outubro de 2018, onde se acredita que o gasto previsto para o que queda desta anualidade ascende a 2.441,20 euros.

Cuarto.- Establecer os seguintes criterios de adxudicación, coa súa valoración correspondente:

I) Criterios avaliados mediante xuízos de valor:

1.- Programa e traballo da actividade.....ata 25 puntos.

En dita programación deberán contemplarse os obxectivos, metodoloxía a empregar e o material necesario para o desenvolvemento da actividade; valorándose especialmente:

- A concreción da metodoloxía a empregar para a execución das actividades.
- A diversidade do material a empregar no desenvolvemento das actividades.

II) Criterios avaliados de forma automática, mediante aplicación de fórmulas:

2.- Oferta económica.....ata 75 puntos.

De maneira que a empresa que presente a mellor oferta obterá a máxima puntuación, e as restantes ofertas se valorarán de forma proporcional, de acordo coa seguinte fórmula:

$P = 75 \times OM / OF$

P= Puntuación obtenida

OM= Oferta económica mais baixa

OF= Oferta do licitador.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante, coa indicación de que as proposicións -para tomar parte no procedemento de contratación- presentaranse exclusivamente no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, a través dos tres Sobres A) "Documentación xeral", B) "Documentación avaliada en función dun xuízo de valor", C) "Documentación avaliada de forma automática por aplicación fórmulas", a que se refire a cláusula 11ª nº 3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Concretando, en dito prego que, de conformidade co disposto na Disposición Final 6ª da Lei 9/2017 (LCSP), sobre habilitación de normativa en materia de uso de medios electrónicos, a presente licitación non ten carácter electrónico, en espera das normas de desenvolvemento da Disposición Adicional 16ª que poidan ser necesarias para facer plenamente efectivo o uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos regulados pola referida Lei.

Sexto.- Designar a Mesa de Contratación que formulará á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación do contrato, como consecuencia da valoración das ofertas

presentadas; a cal estará integrada polos seguintes membros:

*Presidente.- O alcalde, José Luis García López.

*Secretaria.- A funcionaria de Subescala Técnica da Escala de Administración Xeral, Marta Pérez Iglesias.

* A interventora, Olga Castro Fernández

* O secretario, Juan Colmenares López-Soldado

Sétimo.- Facultar ao Sr. alcalde para que adopte as resolucións que procedan, para a mellor execución dos acordos agora adoptados.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente -de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-, en Arzúa (A Coruña) a 29 de outubro de 2018.

V e pr.
O alcalde

O secretario